

1- Introducción ao xénero

1.1. Definición

A épica é un xénero narrativo en verso que tivo a súa orixe en Grecia (Ilíada e Odisea) e comezou por ser oral e cantada (ou recitada).

1.2. Características

Comprende habitualmente obras extensas, escritas en hexámetros dactílicos (seis repeticións en cada verso dun ritmo denominado dáctilo que consta á súa vez dunha sílaba longa e dúas breves), divididas en cantos ou libros.

O protagonista (o heroe) vese xeralmente realzado por outra figura ou figuras que se lle opoñen: o(s) antagonista(s).

As empresas que o heroe ten que superar son de carácter elevado.

A acción pode transcorrer linealmente, como na **Ilíada**, ou alterando a orde cronolóxica dos feitos (ás veces mediante o recurso a un personaxe que a relata), como na **Odisea** e na **Eneida**.

Intervenien no desenvolvemento da acción elementos sobrenaturais e marabillosos, frecuentemente de orixe divina.

Desde o punto de vista literario a épica defínese pola súa claridade e relativa simplicidade, polo uso de fórmulas que se repiten e de símiles ou comparacións que marcan a transición entre episodios.

O feito de que a épica sexa un xénero narrativo aproxímaa á Historia, porén diferénciase deste xénero non só por estar en verso, mais tamén en que o historiador trata de explicar a concatenación de feitos narrados ao tempo que a épica prescinde disto e só celebra aquilo que conta.

Canto á súa estrutura, na épica lendaria converxen unha serie de elementos esenciais: o **heroe** experimenta unha chamada providencial, á que se resiste inicialmente. Esta chamada provoca unha peregrinación (ou **viaxe**) e unha **guerra** do heroe acompañado dos seus seguidores. Á misión do heroe opóñense moitos obstáculos e un **antiheroe** (ou antagonista). O heroe, tras unha serie de **probos**, axudado por un **obxecto máxico** ou **personaxes divinos**, consegue vencer e ter éxito na súa misión.

1.3. Finalidade

a) Manter a lembranza dunhas accións heroicas reais ou lendarias que forman parte do legado cultural dun pobo.

b) Transmitir un ideal arquetípico como modelo de civilización como modelo a seguir: trátase dun heroe protagonista que representa toda unha civilización.

c) Reflectir e expor, entremediadas no desenvolvemento da acción, a mentalidade, valores, costumes, relacións sociais *etc* dun pobo, *id est*, todo o seu saber e a súa forma de pensar.

1.4. Tipos de épica en Roma

A épica **lendaria**, que narra feitos moito afastados no tempo e que foxen á investigación histórica. Nela é frecuente a intervención dos deuses nos asuntos humanos.

A épica **semihistórica**, que narra acontecementos históricos máis ou menos recentes, mais en chave lendaria (por exemplo representando deuses que interveñan na acción).

A épica **histórica**, que narra acontecementos históricos rexeitando todo aspecto sobrenatural e toda intervención divina.

1.5. Autores máis destacados

AUTOR	CRONOLOXÍA	OBRAS
ENIO (239 - 169 a.C.)	República	Anales
VIRXILIO (70 - 19 a.C.)	Principado de Augusto	A Eneida
OVIDIO (46 a.C. – 17 d.C.)	Principado de Augusto	As Metamorfoses
LUCANO (65 – 39 a.C.)	Principado de Nerón	A Farsalia

2- A épica romana primitiva

Na épica romana inflúen dous aspectos: a tradición grega por unha banda (en particular Homero e a épica helenística) e pola outra o patriotismo romano.

A primeira epopea aparecida en Roma (s. III a.C.) é unha tradución ao latín da **Odissea** feita por Livio Andrónico en versos saturnios. A escolla desta obra fronte á **Ilíada**, parece deberse a que o seu contido conectaba mellor coa tradición itálica e a motivos pedagóxicos, xa que Andrónico abría, segundo a tradición nos transmite, unha escola en Roma.

Tamén en metro saturnio Nevio escribiu, con clara intención patriótica, o seu ***Bellum Punicum*** (s. III a.C.) dedicada á guerra entre romanos e cartaxineses. A intervención dos deuses e a narración de episodios lendarios (como o abandono da raíña Dido por Eneas, iniciador da estirpe romana en solo itálico) son frecuentes na súa obra, mais só lle interesan na medida en que se relacionan coa historia de Roma.

Introducindo o hexámetro en Roma compón Ennio os ***Annales*** (s. II a.C.), obra influída pola historiografía dos analistas en que se pretendía dar conta das sortes de Roma desde os seus comezos. O autor vese a si mesmo como un *alter Homerus*, como un segundo Homero, segundo lle é revelado nun soño e recolleuno nunha coñecida pasaxe da obra.

3- A Eneida de Virxilio

3.1. A vida de Virxilio

De familia modesta, Virxilio naceu en Mantua. Realizou estudos de retórica en Milán e Roma, onde decidiu abandonar definitivamente o mundo da oratoria e coñeceu a corrente literaria dos ***poetae novi***, nomeadamente de **Catulo**. En Nápoles adquiriu grandes coñecementos filosófico-científicos e, a continuación, ao mesmo tempo que volve á súa terra e entra nunha escola poética, sonlle expropiadas as súas terras en beneficio dos veteranos de guerra. Este feito marcou profundamente a vida do autor, mais no futuro sería compensado cunha propiedade na Campania, onde compuxo as **Xeórxicas** e a **Eneida** baixo a protección de Mecenas e de Augusto. Durante a composición da **Eneida**, Virxilio viaxou durante tres anos a Grecia e Oriente coa intención de documentarse. No regreso a Atenas réunese con Augusto e con el viaxa xa doente a Brindisi para acabar por morrer nesta cidade. Foi vontade de Virxilio que a obra, ao estar inacabada, fose destruída, mais non se fixo así e foi finalmente publicada tal e como a deixara o poeta.

3.2. A Eneida

O tema da Eneida é a fuxida de Troia e as aventuras de Eneas até chegar ao Lacio, onde por orde dos deuses debe fundar unha nova Troia (Roma). Isto farao só unha vez venza en batalla os diferentes pobos que se lle opoñen.

O auténtico heroe da obra é o pobo romano, identificado co seu soberano, Augusto. Este, á súa vez, é substituído na obra polo antepasado fundador da *gens Iulia* (á que o emperador pertencía por adopción): Eneas, fillo do mortal Anquises e da deusa Venus. Esta concatenación de ideas

permite a Virxilio construír unha obra repleta de elementos sobrenaturais e maravillosos que forman parte das crenzas do pobo romano. Os valores transmitidos, base do novo réxime de goberno instaurado por Augusto, liganse todo o posíbel coa moral tradicional romana até confundilos. A Eneida, deste modo, é unha historia romana (ou prerromana, ao menos en parte) idealizada e transformada en lenda.

A obra componse en doce cantos. Os primeiros seis contan a viaxe de sete anos que emprendeu Eneas desde Troia até o Lacio e utilizan como base a **Odisea**. Os últimos narran os acontecementos da guerra entre troianos e latinos, que tivo lugar nunhas poucas semanas e se basean na **Ilíada**.

A Eneida responde a unha estrutura tripartita:

Os libros I – IV teñen como protagonista a Dido, raíña de Cartago. Eneas, tras verse arrastrado por unha tempestade á costa de Cartago, é acollido por Dido, que o convida a contar as súas aventuras desde a destrución de Troia até a morte do seu pai Anquises ao chegar a Sicilia. Por inspiración de Venus Dido namórase de Eneas, mais este, apremado polos deuses vese obrigado a continuar a súa viaxe e abandonala. Isto conduce a Dido ao suicidio e, segundo se insinúa, provocaría o odio eterno a Roma de parte de Cartago.

Os libros V – VIII teñen por protagonista a Eneas que, tras celebrar os xogos fúnebres en honra ao seu pai, descende aos infernos acompañado pola sibila de Cumas. Alí atopa os lúgubres espectros de numerosos heroes que vira morrer na guerra de Troia e mesmo o do seu pai, que lle comunica cal será o futuro da súa liñaxe, a cidade que fundará e incluso o esplendor que esta coñecerá en tempos de Augusto (isto último cunha certa sutileza). Posteriormente Eneas desembarca na costa do Lacio e contrae matrimonio con Lavinia, filla do rei Latino.

Os libros IX – XII están protagonizados por Turno, caudillo itálico que loita pola liberdade da súa patria fronte aos estranxeiros que van establecerse nela. A serie de episodios bélicos que se desencadea dá na morte de Turno a mans de Eneas.

Na súa lectura **política** a obra denota as aventuras de Eneas, mais connota a historia de Roma e do seu pobo. A elección do troiano Eneas como fundador relacionaba Roma coa cultura grega e coa *gens Iulia* (á que Augusto pertencía por adopción) que toma o seu nome do fillo de Eneas, Iulo (*Iulus*), á súa vez fillo de Venus. Ao mesmo tempo, Roma vincúlase con todo o mundo coñecido simbolicamente por medio do primeiro matrimonio de Eneas con Creúsa (que representa Oriente e que se perdeu na fuga de Troia), a unión con Dido (que representa África) e finalmente con Lavinia (que representa Occidente).

Alén do anterior, Eneas encarna todos os valores morais que Augusto pretendía promover na súa rexeneración de Roma tras as guerras civís: a abnegación perante o deber (*fides*), e o respecto escrupuloso a antepasados e deuses (*pietas*).

No plano literario a épica de Virxilio está moi lonxe da de Homero e máis próxima á de autores alexandrinos como Apolonio de Rodas (a quen Virxilio realmente tentaba emular). En consonancia coa épica helenística que se cultivou en Alexandría, o autor inserta fórmulas líricas e dramáticas. Caracterízase pola sensibilidade que o fai participar dos feitos que narra, de modo que chega a manifestar a súa simpatía, admiración ou dor cara aos personaxes, profundamente caracterizados psicolxicamente (nisto lémbraos ao sentido lírico con que os neotéricos como Catulo escribían os seus epílios, poemas curtos escritos en hexámetros, mais cun claro fondo lírico). Estilisticamente destaca a súa elegancia e perfección formal.